



El Progreso

TELEFONOS:
Dirección-Gerencia-Admón. 212232
Redacción y Talleres 211055
APARTADO DE CORREOS n.º 5
TELEX 86509

EP

DIARIO DE LUGO

FUNDADO EN 1908

JOSE A. PRIMO DE RIVERA, 12

LUGO, 24 Maio 1973

Meu querido amigo:

Estiven o outro día en Guitiriz con Alonso Montero e con Cilistrá. Alí fomos sabedores de que tiñas a inaugurar a tua exposición en Madrid e que por eso non acudiches á xuntanza. O primeiro, prégoche que me mandes un catálogo da túa exposición pra publicalo no periódico. ✎

Vaise inaugurar un novo local na librería Alonso, a mais antiga de Lugo. O propietario pensaba de inaugurala con dibuxos de Miró. Mais decidiron que sería millor con grabados teus. A data diste acontecemento será coincidindo coas festas de San Froilán.

O Domingo que vén sairá no "Progreso" un capítulo do teu novo libro, que está aínda a lér.

A ver si cando me respostes pódeme decir a enderezo de Maruja Mallo.

O outro día estiven en Santiago e dixéronme que voltarías a Galicia nos primeiros días do mes que ven. Ise mesmo día iba en Madrid García Sabell.

Compre que respostes pronto á proposta da exposición dos grabados na librería do meu amigo Alonso.

Unha forte aperta e moitas lembranzas á tua dona.

Anxel Fole